

O NOSO PASO

POLO COLEXIO

Raúl Veleiro Torres- 6º B

INFANTIL

Con tres anos comecei a miña etapa no cole. A nosa primeira profe foi Susana, e o primeiro ano contou coa axuda de Diana, ata o último ano de Infantil, cando nos colleu Finita.

Lembro esa etapa como unha das máis bonitas porque aprendemos moito, pero tamén xogamos moito.



PRIMEIRO

O recordo máis bonito para min neste curso foi saber que de novo a nosa titora ía ser Finita, xa que foi un cambio de etapa. Volver contar en primeiro coa mesma mestra de Infantil é unha tranquilidade.



SEGUNDO

Este foi un curso máis, pero tamen moi bonito; un avance máis no CEIP de Arzúa.



TERCEIRO

Este curso si que foi importante, porque aquí coñecemos a nosa nova profesora Mar.



CUARTO

Este curso lembráremolo sempre porque a nosa titora colleu a baixa co conseguinte desgusto para todos.

Pero tivemos sorte, porque a substituta que nos tocou era tamén moi boa, Andrea, e por sorte, case a finais de curso incorporouse Mar.



QUINTO

Este curso foi para min un dos máis bonitos porque soubemos que nos volvía coller Mar e que con ela remataríamos Primaria.

Tamén me alegrou descubrir que o meu mestre de gaita, Iván, íase incorporar ao CEIP de Arzúa e o podería ver todos os días.



SEXTO

Este curso foi un tanto raro por todo o que pasou. Non puidemos rematalo presencialmente, nin facer excursión, nin festival de fin de curso; pero pese a todo sacámolo adiante, grazas a Mar que nos axudou moitísimo.



Quero darlles as grazas a todos os profesores e profesoras de todas as materias do colexio que me impartiron clase, e aos que non tamén, porque grazas a todos eles e elas puidemos medrar como persoas e estar ben preparados para afrontar Secundaria.

Despídome especialmente das miñas titoras (Susana, Finita e Mar) que nos coidaron dende Infantil ata sexto curso, xa que nos aprenderon todo o que sabemos e que nos axudará a facernos camiño na vida.